

ANUNCIO do 27 de xaneiro de 2026, da Comisaría de Augas de Galicia, polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de demolición das infraestruturas de retención así como as asociadas ao aproveitamento hidroeléctrico de Landoi, no río Forte, concello de Cariño, A Coruña

Clave: 15/055/1

O 21/09/2021 a Dirección de Augas de Galicia ditou resolución pola que se declarou a extinción por causa de caducidade do dereito concesional relativo ao aproveitamento hidroeléctrico denominado Central de Landoi, no río Forte, concello de Cariño, A Coruña, titularidade de Naturgy Generación, SLU, establecéndose a obriga de restituír o dominio público hidráulico a súa orixe e demoler as infraestruturas de retención así como as asociadas ao dito aproveitamento.

En cumprimento do disposto nos artigos 53.3.a) e 78.ter.2.a) do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, sométense ao trámite de información pública o documento achegado por Naturgy Generación, SLU titulado *"Proyecto de desmantelamiento y puesta en seguridad de las instalaciones pertenecientes al aprovechamiento hidroeléctrico de Landoi, titularidad Naturgy Generación, S.L.U. Julio 2023"*.

O que se fai público aos efectos do seu coñecemento xeral, co fin de que aquelas persoas naturais ou xurídicas que se consideren afectadas nos seus dereitos poidan formular, por escrito, cantas alegacións, observacións, suxestións e reclamacións estimen procedentes, persoalmente ou por medio do seu representante con poder suficiente, e que poderán presentarse por calquera dos medios recollidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dentro do prazo de **20 días hábiles**, que comezará a computarse desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Este anuncio, xunto coa documentación mencionada, ademais da súa inserción no mencionado diario oficial, será obxecto de exposición na páxina web deste organismo de conca <http://augasdeg Galicia.xunta.gal> (na sección denominada Participación Pública).

A documentación achegada por Naturgy Generación, SLU, aos efectos da súa consulta, estará dispoñible nas dependencias administrativas de Augas de Galicia, sitas na rúa Tomiño, nº 16, baixo, 15703, Santiago de Compostela ou ben por medios electrónicos, debendo solicitar o enlace de descarga mediante o correspondente escrito dirixido a Augas de Galicia.

Santiago de Compostela – o comisario de Augas PS (Resolución da Dirección de Augas de Galicia de 30/10/2025) - o xefe do Servizo de Tramitación de Autorizacións e Concesións – José Ángel Someso Anguita (sinatura dixital)

